

EMMANUELLE

Audrey Diwan, 2024

1382


ESTREA EN NUMAX: 27.09.2024 | V.O.S.E. | +16 | 117 min

Emmanuelle (Noémie Merlant) é unha muller afeita a ter encontros sexuais casuais, polos que non sente ningún pracer. Un día, a cadea de hoteis de luxo para a que traballa chámala para ir a Hong Kong revisar a baixada de ingresos dun dos seus establecementos. Tentando buscar unha escusa para botar a directora, coñece a Lee Jae-Yong, un atractivo executivo do que se empeza a obsesionar.

A revisión do mito erótico de Emmanuelle na era post-MeToo inaugurou o Festival de Donostia 2024.

«Repleta de beleza, poderío
cinematográfico e sensualidade»

Júlia Olmo, CINEUROPA



A loita entre o instinto e a razón

Por Júlia Olmo

Na *Emmanuelle* dirixida por Just Jaeckin en 1974, inspirada na novela homónima de Emmanuelle Arsan, contábase a historia dunha moza recentemente casada que viaxa a Bangkok para reunirse co seu marido. Alí, animada por este, será iniciada no sexo libre por unha adolescente e guiada na procura do pracer e nunha filosofía do Eros supostamente liberada de tabús por un home maduro chamado Mario.

Na nova *Emmanuelle*, dirixida por Audrey Diwan e escrita xunto a Rebecca Zlotowski, película inaugural a competición do 72º do Festival de San Sebastián, a directora gañadora do León de Ouro por *O acontecemento* (2021) dálle a volta á novela e á mítica película que a preceden para contar a historia dunha muller en busca dun pracer perdido. A nova *Emmanuelle* xa non é unha muller que acompaña o seu marido e que penetra na procura dese pracer a través del, senón unha muller que viaxa soa a Hong Kong por unha viaxe de negocios, e que, no hotel onde realizará o seu traballo, iniciará distintos encontros (soa e acompañada) que a levarán a explorar o seu propio desexo.

Protagonizada por unha imponente e sensualísima Noémie Merlant no papel dunha muller aparentemente ríxida, segura, con certa ironía, pero con ese erotismo latente, visceral por dentro, e desenvolvida en dous espazos que se contraponen –o hotel pechado, elegante e artificial, e, por outro, o Hong Kong cálido, sucio e máis real–, a película consegue reflectir con sutileza, valentía e gran potencia visual esa exploración feminina do pracer e o desexo. Con iso, Diwan logra penetrar con atrevemento e unha sensibilidade singular para narrar en imaxes asuntos escuros e escorregadizos como a loita entre a razón e o instinto (moi presente na obra de Sade), o que o sexo di de nós mesmos, os traumas, os medos, os desexos, os egos, as insatisfaccións, as vulnerabilidades, os baleiros, as procuras secretas que hai nel, as pantasma do desexo, a súa natureza contraditoria, a posibilidade ou non de límites, os seus riscos e o que a vontade de asumilos tamén di de nós, ata onde somos capaces de chegar nesa procura e experimentación, o desexo como posibilidade de liberdade e tamén de condena.

O resultado é unha película moito máis cerebral e política que as súas antecesoras, cun estilo depurado, delicado, moi sensorial e suxestivo de principio a fin, repleta de misterio (a atinada banda sonora tamén contribúe a dotala dese aire fantasmal e de certa intriga), cunha protagonista chea de maxia e profundidade, e unha lúcida posta en escena que fala desa contradición latente entre o exterior e o interior, dos cárceres que todos somos para nós mesmos. Hai diálogos que deixan pouso, pero a gran forza da película reside nesas imaxes que con moi pouco, unha mirada, unha expresión, un silencio, o xesto preciso, son capaces de capturar e transmitir unha emoción, unha sensación, un sentimento, un desexo, o que non se di pero está presente.

A *Emmanuelle* de Audrey Diwan xa non é unha película sobre a procura do pracer feminino filmada para a procura do pracer masculino, senón unha película sobre a forza do desexo e a capacidade das mulleres de explorar por si mesmas e decidir nese desexo. Unha película verdadeiramente feminista, que sitúa en primeiro plano a muller como suxeito desexante, repleta de beleza, poderío cinematográfico e sensualidade.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Emmanuelle,
Emmanuelle Arsan.
Tusquets, 2013

*Deseo. Una historia de la
sexualidad en Europa*,
Anna Clark.
Cátedra, 2010

(h)amor 5 húmedo,
VV. AA.
Contintametieses, 2020